

CCOO ESIXE AS MESMAS CONDICIÓN S SALARIAS PARA O PROFESORADO DE REFORZO QUE PARA O PROFESORADO EN PAGO DELEGADO.

A Consellería de Educación insiste en manter condición s salariais **moi inferiores ao resto do profesorado para o profesorado de reforzo**. Un episodio máis de precarización laboral e outro exemplo da escasa consideración que lle merecen as e os traballadores do ensino concertado.

CCOO xa manifestamos o noso **desacordo co sistema de contratación deste profesorado** na xuntanza mantida coa consellería o día 11 de novembro (Informe do 12 de novembro)

Nesa reunión pedimos que se retirase a proposta porque consideramos ilegal e inaceptable, a introdución dunha dobre escala salarial que implica que estas e estes compañeiros que realizan exactamente o mesmo traballo teñan un salario moi inferior ás e ós compañeiros en pagamento delegado.

Lembramos que este profesorado **non percibirá o Complemento Retributivo da CCAA (CRCA)**, que para un mestre de infantil, primaria ou educación especial a xornada completa e de **355,65 €** e para un licenciado ou graduado que imparta na secundaria ou FP e de **362,81 €**.

CCOO consideramos que o profesorado de reforzo pola covid-19 debe gozar de **idénticas condición s salariais que o profesorado en pago delegado**.

CCOO esperabamos que sendo esa unha petición unánime a Consellería tivese reconsiderado a súa decisión. Pero na súa liña da última década non atende ningunha proposta nin petición que lle chega da representación das e dos traballadores.

A Consellería obríganos a solventar este asunto nos tribunais. **CCOO** xa trasladamos este asunto aos nosos servizos xurídicos e presentaremos recurso contra a imposición desta dobre escala salarial.

ESTE NON É, SE NON UN EPISODIO MÁIS NA POLITICA DE PRECARIZACIÓN LABORAL QUE DEBE SER ELIMINADO.

¡¡A IGUAL TRABALLO, IGUAL SALARIO!!

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrecán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

